



**Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural:**  
Europa inviste no rural

**PROXECTO: INCREMENTO DA EFICIENCIA EN GANDERÍAS  
DE RUMINANTES E VALORIZACIÓN DOS SEUS PRODUTOS**  
**PROMOTOR: AGRONOVO ECOLOXÍA S.L.**  
**INVESTIMENTO: 149.816,17 €**  
**AXUDA PÚBLICA: 119.852,94 €**

**PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL 2014-2020**

**MEDIDA: 16.2, APOIO DE PROXECTOS PILOTO, DESENVOLVEMENTO DE NOVOS PRODUTOS, PRÁCTICAS,  
PROCESOS E TECNOLOXÍAS NO ÁMBITO AGROFORESTAL**

O proxecto “Incremento da eficiencia en ganderías de ruminantes e valorización dos seus produtos” consiste na nun plan de mellora integral con prácticas de manexo con efecto na xestión técnico-económica que lles permita a granxas de ruminantes aumentar a súa eficiencia produtiva (maximizar o uso dos recursos forraxeiros, minimizando os custos de alimentación e maximizando a inxesta de pasto de calidade), valorizar e incrementar a biodiversidade das mesmas, así como reducir a súa pegada de carbono ou CO<sub>2</sub> (PdC) contribuíndo a loitar contra o cambio climático. Como elemento de control sobre a incidencia deste manexo na calidade do produto final, se integra o estudo de perfil de ácidos graxos.

Entre Agronovo e o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) toman e analizan mostras, interpretan os seus resultados e se crea unha ferramenta TIC (baseada en web) que permitirá rexistrar e conxuntar as variables analizadas e obter, de maneira semiautomatizada, datos concluíntes para buscar a eficiencia produtiva das granxas.

Por limitación orzamentaria e por acadar resultados comparables entre granxas, necesitado un mínimo de datos para analítica estatística, se limitan as granxas de ruminantes (vacún leite

ecolóxico) a 8-10 (mínimo de tomas directas, 2 son cooperativas, en total unhas 1.500 vacas; para datos a través de enquisas aumentárase notablemente). Este sector está máis vinculado co aspecto medioambiental e goza de importancia en Galicia, ademais de gran proxección. Ademais, a industria láctea, que xa está a pagar máis por aspectos relacionados co leite de pastoreo (perfil de ácidos graxos) e o benestar animal, vai comezar a pagar en función da pegada de carbono este 2022.

O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA), colabora para a difusión de enquisas e divulgación de resultados.

Acadar unha maior produtividade é necesario non só por cuestións económicas, senón por contentar a consumidores e administracións públicas cos seus actuais programas de desenvolvemento.



Fondo Europeo Agrícola  
de Desenvolvemento Rural:  
Europa inviste no rural



 Xacobeo 21-22